



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado **LMT derivada AMANDI** (CONCELLO DE SOBER)

(2020/21-ATE)

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **14 de DECEMBRO de 2023** convócaselles ó pagamento dos predios **2, 3, 4, 5, 7, 8, 10, 11, 15, 16, 19** no Concello de Sober segundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir ós propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 26 de outubro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3411

Anuncio

ACORDO do 25 de outubro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Quiroga. (Expediente 2022/43-ATE)

Con data 29 de agosto do 2023 a xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada Regulamentación LMTA SEQ805 entre apoios 81-40-B-48 e 81-40-B-64.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 25 de febreiro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 7 de marzo de 2023, para que comparezan o día **13 de DECEMBRO de 2023 no concello de Quiroga** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a

notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 25 de outubro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO

Regulamentación LMTA SEQ805 entre apoios 81-40-B-48 e 81-40-B-64

Propietario		Datos Catastrais		Afección					
Nº Predio	Nome e Apelidos	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio	m2	M1 aéreos	M2 aéreos
3	MV Villarbacú	90	493	Barraquiña Rubia	Monte alto			82.0	1280.0
5	Montes Herrería Soldón	90	588	Barra	Monte alto			4.0	
13	Florinda Fernández	90	448	Ponte	Monte alto			9.0	148.0
17	Descoñecido	90	437	Ponte	Prado				116.0
20	José Delfín Bao March	90	453	Carballois	Monte alto				6.0
25	Hros Constantino Vieiro	90	460	Pedreiras	Prado			9.0	139.0
26	Descoñecido	90	608	Pedreiras	Prado			13.0	206.0
29	Descoñecido	90	418	Mea	Prado			19.0	308.0
30	Descoñecido	90	419	Mea	Prado	53	2.0	49.0	784.0
38	José Delfín Bao March	90	181	Lombo Datuía	Monte alto	54	2.0	18	261.0
40	Hros Severino Gómez	90	173	Cibeiro	Monte alto				73.0

Lugo, 25 de outubro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3412

Anuncio

ACORDO do 25 de outubro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Quiroga. (Expediente 2022/44-ATE)

Con data 31 de agosto do 2023 a xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada Regulamentación **LMTA SEQ805 APOIOS 81-40-B-13 e 81-40-B-14**.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 23 de febreiro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 9 de marzo de 2023, para que comparezan o día **13 de DECEMBRO de 2023 no concello de Quiroga** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 25 de outubro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO

REGULAMENTACION LMTA SEQ805-APOIOS 81-40-B-13 E 81-40-B-14

Nº de predio	Propietario Nome e Apelidos	Parcela				Afección			
		Datos catastrais		Paraxe	Cultivo	Apoio		Voo	
		Políg.	Parc.			Nº	Superficie (m2)	Lonxitude (m)	Superficie (m2)
1	Montes de la Herrería de Soldón C.B.	67	302	Cambos	Monte baixo	81-40-B-12	2		
2	Montes de la Herrería de Soldón C.B.	67	304	Cambos	Monte baixo	81-40-B-13	2		
4	Montes de la Herrería de Soldón C.B.	91	320	Tras Serra da	Monte alto	81-40-B-15	2		

Lugo, 25 de outubro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3413

CONCELLOS

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA setembro 2023

Por Xunta de Goberno Local do día 16.10.2023 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de setembro de 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 27.10.2023 ata o 27.10.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de outubro de 2023.-O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3414

*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas SETEMBRO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 23.10.2023 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de setembro 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 27.10.2023 ata o 27.12.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 27 de outubro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3415

*Anuncio***ANUNCIO APROBACION PADRONS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga SETEMBRO-OUTUBRO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 21.08.2023 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do 5º bimestre 2023 SETEMBRO-OUTUBRO 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día o 31.10.2023 ata o 02.01.2024.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 27 de outubro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3416

Anuncio

Aprobado provisionalmente polo Concello en Pleno, en sesión ordinaria do día 30.10.2023, o expediente de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal para 2024.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerárase elevado a definitivo e procederáse á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, a 2 de novembro 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3440

OUROL

Anuncio

O Pleno do concello de Oural, en sesión ordinaria celebrada o día tres de novembro de dous mil vinte e tres, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 7º, reguladora da taxa por subministración e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, colocación e utilización de reguladores de presión, que afecta a unha serie de artigos, entre eles, a modificación da cota tributaria.

En cumprimento do disposto no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante o referido prazo, o acordo elevarase a definitivo.

Oural, 6 de novembro de 2023.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3438

PANTÓN

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 02.11.2023, acordou aprobar provisionalmente e con carácter definitivo se durante o trámite de información pública non se formulan reclamacións, a modificación da Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, coa finalidade de incrementar o tipo de gravame aplicable neste municipio en relación cos bens inmóveis de natureza urbana, que pasa do 0,49 % ao 0,55 %

O que se somete a información pública, para os efectos e en cumprimento do que prevé o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a fin de que, no termo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as persoas interesadas a que se refire o artigo artigo 18 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais poidan examinar o expediente de referencia, que se atopa de manifesto nas dependencias da Secretaría Xeral e na Intervención Municipal, e presentar, no seu caso, as reclamacións e/o suxestións que consideren oportunas ante o Pleno da Corporación.

No caso de que non se formulen reclamacións durante o período de exposición pública, o referido acordo plenario considerarase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario de conformidade co que dispón o artigo 17.3 in fine do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pantón, 2 de novembro de 2023.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3417

RÁBADE

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2023, aprobou inicialmente a modificación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo desta corporación para o exercicio 2023, someténdose o expediente a información pública por prazo de 20 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resultan definitivamente aprobadas as modificacións no Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2023, de acordo co seguinte detalle:

CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2023

A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

PRAZA/POSTO DE TRABALLO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Escala de Habilitación Estatal Subescala Secretaría-intervención Praza: Secretario-interventor	1	A1	28	Cuberta
Escala de Administración Xeral Subescala administrativa Praza: Administrativo	2	C1	22	Vacantes
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Traballador/a social	1	A2	22	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Animador/a sociocultural	1	A2	22	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala servizos especiais Praza: Vixilante Municipal	1	C2	18	Vacante

B/ PERSOAL LABORAL FIXO:

POSTO DE TRABALLO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	A1	22	Cuberta
Encargado/a de obras e servizos	1	C2	18	Vacante
Auxiliar de axuda no fogar (Modalidade básica)	1	A.P Lei 7/2007	10	Cuberta

RESUMO:

Número de funcionarios de carreira: 6

Número total de persoal laboral fixo: 3

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA O EXERCICIO 2023

A) FUNCIONARIOS

DENOMINACIÓN	DOT	NCD	C.E.	T. P.	F. P.	OBSERVACIÓNS
Secretaría-Intervención	1	28	25.280,78 €	S	C	Cuberta
Vixilante Municipal	1	18	7.372,60 €	S	OP	Vacante
Administrativo servizos xerais	1	22	9.249,89 €	N	OP	Vacante

Administrativo. contabilidade	1	22	9.249,89 €	N	OP	Vacante
Traballador/a social	1	22	5.954,52 €	N	OP	Cuberta
Animador/a sociocultural	1	22	5.954,52 €	N	OP	Cuberta

DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN Grupo-Esc.-Subes.	TITULACIÓN FORMACIÓN ACADÉMICA ESPECÍFICA
Secretaría-Intervención	A1-Habilitación Nacional-Secretaría-intervención	Titulado universitario RD 834/2003
Vixilante Municipal	C2-Administración especial-Servizos especiais	Educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente
Administrativo servizos xerais	C1-Administración xeral-Subescala administrativa	Bacharelato superior
Administrativo contabilidade	C1-Administración xeral-Subescala administrativa	Bacharelato superior
Traballador/a social	A2-Administración especial-Subescala técnica	Diplomatura en traballo social
Animador/a sociocultural	A2-Administración especial-Subescala técnica	Técnico animación sociocultural/diplomado en educación social/ título de maxisterio.

DOT.: Dotación NCD.: Nivel Complemento Destino C.E.: Complemento Específico mensual por dotación T.P.: Tipo de posto (S) = Singularizado, (N) = Non singularizado F.P.: Forma de provisión (C) Concurso, (OP) Oposición, (C-OP) Concurso-oposición.

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOT	NCD	C.E.	T. P.	F. P.	OBSERVACIÓNS
SERVIZO DE EMPREGO - Axente de emprego e desenvolvemento local	1	22	5.954,52 €	N	OP	Cuberta
OBRAS E SERVIZOS -Encargado	1	18	7.372,56 €	N	OP	Cuberta
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (BÁSICO) - Auxiliar axuda no fogar	1	10	1.754,13 €	N	OP	Cuberta

DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN GRUPO	TITULACIÓN FORMACIÓN ACADÉMICA ESPECÍFICA
SERVIZO DE EMPREGO - Axente de emprego e desenvolvemento local	A1	Grado ou licenciatura en xestión e administración pública, dereito, administración e dirección de empresas, ciencias empresariais, ciencias económicas, ciencias do traballo, graduado social ou relacións laborais.
OBRAS E SERVIZOS -Encargado	C2	F.P.2. Rama electricidade
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (BÁSICO) - Auxiliar axuda no fogar	A.P Lei 7/2007	F.P. de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente, ou certificado de profesionalidade

DOT.: Dotación NCD.: Nivel Complemento Destino C.E.: Complemento Específico mensual T.P.: Tipo de posto (S) = Singularizado, (N) = Non singularizado F.P.: Forma de provisión (C) Concurso, (OP) Oposición, (C-OP) Concurso-oposición.

C) **PERSOAL LABORAL TEMPORAL**- Para o exercicio 2023, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas.

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALO	Nº DE POSTOS	COTA PATRONAL ANUAL	COSTES SALARIAIS ANUAIS	TOTAL GASTOS ANUAIS
SERVIZO PREVENCIÓN DROGAS Coordinadora do servizo	1	8078,76	24296,86	32375,62
PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2023 Auxiliar-administrativo	1	4184,80	12642,90	16827,70
Peón especialista	2	8953,20	23376,60	32329,80
APROL RURAL 2022 Peón	1	1387,77	3623,46	5011,23
TOTAIS	5	22604,53	63939,82	86544,35

Rábade, 2 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3418

TABOADA

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da “*Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles*”.

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2023, acordou a aprobación inicial da **modificación da “*Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles*”** e en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Taboada, 7 de novembro de 2023.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3439